

FORMACIÓNS PRIMAVERA-VERÁN 2025

Queres adquirir máis ferramentas
e habilidades para o traballo en colectivo?
Esta primavera-verán promovemos tres
espazos formativos:

«O que se
mova é gay».
Ferramentas
para a xestión
das violencias
lgbtfóbicas
nas aulas

En Liña

22 / Maio e 05 / Xuño

Imparte

Anna Galí
—Fil a l'Agulla

A comunicación
como proceso
de aprendizaxe
grupal

Compostela

27, 28 e 29 / Xuño

Imparte

César Fernández
—Instituto de Traballo
de Procesos

Introdución
á facilitación
gráfica. Debuxar
ao servizo
do colectivo

Vigo

10 e 17 / Xullo

Imparte

Olga Romasanta
—Rexenerando S. Coop.

INSCRICIÓNS

i.gal/factoria2025

Organiza

**rexe
nera
ndo**

*S. Coop.
Galega*

MÁIS INFORMACIÓN

www.rexenerando.com — info@rexenerando.com

A Factoría é un dos nomes cos que se coñecen popularmente os estaleiros en Ferrol, parte do corazón do espírito colectivo, rebelde e obreiro da comarca. Dende ese espírito de construción colectiva e aprendizaxe de novas culturas de relación, nomeamos o espazo formativo de Rexenerando S. Coop. Galega.

Unha oferta de contidos dende a que contribuír á transmisión de coñecementos e reflexión que nos permita camiñar cara relacións humanas máis xustas e integrar nas nosas prácticas diarias a revolución que supón aprender a traballar mellor en grupo.

Máis información
www.rexenerando.com

Neste 2025 promovemos unha oferta de espazos formativos en primavera e verán. —→

«O QUE SE MOVA É GAY». FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DAS VIOLENCIAS LGBTFÓBICAS NAS AULAS

CONTIDOS

Proposta formativa organizada en dúas sesións en liña, orientada especialmente a profesionais da educación formal e non formal que desexen afondar na abordaxe das violencias lgbtfóbicas nas aulas dende unha mirada restaurativa e co apoio das ferramentas da facilitación de grupos. Achegarémonos á comprensión máis ampla das violencias e dos conflitos xerados nas comunidades educativas, promovendo un enfoque de prevención que coloca no centro as relacións, a reparación do dano e o coidado dos vínculos. Nunha segunda sesión exploraremos recursos e dinámicas que nos axuden a colocarnos con máis seguridade ante situacións de discriminación e/ou violencia, favorecendo a creación de espazos máis seguros e inclusivos, achegando claves para unha intervención educativa transformadora.

*Esta formación realízase no marco do Laboratorio de Apoderamento LGBT 2025, un proxecto de Rexenerando cofinanciado pola Deputación da Coruña co programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas en políticas de xénero no ano 2025 (FOI00A).

DIRIXIDO A


Profesionais que traballan na educación formal e non formal con mocidade, así como a familias ou outras persoas interesadas en acompañar as adolescencias.

IMPARTE

ANNA GALÍ I BONET

Graduada en Pedagogía e Diplomada en Psicoloxía Orientada a Procesos (Traballo de Procesos). Forma parte da cooperativa catalá Fil a l'Agulla, onde se especializou no acompañamento organizacional ante casos de discriminación e violencias dende unha perspectiva restaurativa e facilitadora. Ten experiencia traballando en centros educativos para atender as dinámicas de polarización e antifeminismo, promovendo culturas relacionais baseadas no compañeirismo e a toma de responsabilidade. Autora do caderno "Feminisme per a homes. Del treball personal a la transformació política", onde ofrece ferramentas para a reflexión dende os privilexios.



Duración	Datas	Custe
4 horas	Xoves 22 /Maio Xoves 5 /Xuño	50 €
En Liña	de 17 a 19h de 17 a 19h	Cofinancia
		 Deputación DA CORUÑA

A COMUNICACIÓN COMO PROCESO DE APRENDIZAXE GRUPAL

CONTIDOS

Este seminario forma parte da formación básica en facilitación de grupos e é unha oportunidade para introducirse no paradigma do Traballo de Procesos. Achegarémonos á comunicación como ferramenta para a aprendizaxe e crecemento grupal. Entenderemos os elementos que afectan á comunicación nun grupo, os tipos de comunicación e as barreiras da mesma. Exploraremos os procesos de comunicación que se dan a nivel interno, con outras persoas e dentro do grupo, incluíndo como expresar e recibir críticas. Partindo da importancia de escoitar os procesos de feedback e retroalimentación que se dan dentro dun grupo, abordaremos tamén como traballar con eles dende o rol da facilitación.

*Formación acreditada polo IIFAC-e. Bonificable a través da FUNDAE.

DIRIXIDO A

Calquera persoa interesada no traballo en colectivo. Especialmente pensado para persoas que forman parte de organizacións ou colectivos, ou que facilitan espazos grupais.

IMPARTE

CÉSAR FERNÁNDEZ

Facilitador, terapeuta e formador. Licenciouse en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, e é diplomado en Traballo de Procesos. É socio fundador do IIFAC-e e do Instituto de Traballo de Procesos e Democracia Profunda do Estado español. Conta con máis dunha década de experiencia na facilitación, acompañando persoas e organizacións no desenvolvemento da súa visión, estrutura organizativa, xestión de conflitos e toma de decisións. É coordinador do Curso Básico e Curso Medio do IIFAC-e en Galiza.



<u>Duración</u>	<u>Datas / Xuño</u>		<u>Custe</u>
15 horas	Venres 27 de 16 a 20h	Domingo 29 de 10 a 14h	175 €
<u>Lugar</u>	Sábado 28 de 10 a 14h e de 15 a 18h		<u>Acredita</u>
Colexio Montessori, Santiago de Compostela			 instituto de facilitación y cambio

INTRODUCCIÓN Á FACILITACIÓN GRÁFICA. DEBUXAR AO SERVIZO DO COLECTIVO

CONTIDOS

A canle visual é unha ferramenta poderosa para a vida grupal: axúdanos a pensar, poñer orde e facer accesible a información, sermos mais eficientes, etc. Unha ferramenta que se pode desenvolver e integrar, independentemente das habilidades co debuxo.

Nesta formación faremos un primeiro achegamento á facilitación gráfica e o seu potencial para o colectivo. Coñeceremos referentes, aprenderemos técnicas básicas que poder aplicar en diferentes contextos e contaremos con espazo para practicalas. Unha oportunidade para gozar e aprender en colectivo a través da dimensión visual.

DIRIXIDO A


Calquera persoa interesada no traballo en colectivo. Non se requiren coñecementos previos.

IMPARTE

OLGA ROMASANTA

Historiadora da arte especializada en facilitación e xestión de grupos. É socia de Rexenerando S. Coop., dende onde desenvolve proxectos de mediación cultural e participación social. Emprega as ferramentas gráficas como parte dos espazos que facilita, así como no propio traballo interno na organización. Forma parte do IIFAC-e.



Duración	Datas / Xullo	Custe
6 horas	Xoves 10 Xoves 17 de 17 a 20h de 17 a 20h	80 €
Lugar		Colabora
A Morada Cooperativa, Vigo		

INSCRICIÓNS

As prazas de cada formación son limitadas, reservaranse por orde de inscrición.

Velaquí o formulario de inscrición:
i.gal/factoria2025

MATRÍCULA

Para confirmar a reserva da túa praza, é imprescindible que unha vez cuberto o formulario ingreses o importe correspondente no noso número de conta e nos envíes o xustificante a info@rexenerando.com, sinalando no asunto o teu nome e apelidos

Este é o noso número de conta:
ES24 2080 0226 6830 4003 0482

O importe da matrícula non é reembolsable. Só será devolto se finalmente non se leva adiante a formación (non se acada o grupo mínimo ou dase algunha outra casuística que impida a súa celebración), ou en caso de forza maior xustificada.